

Creando empresas saudables



Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

Problema: Présa do tempo e estrés II

Causas:

1. Falta de visibilidade da carga de traballo e do esforzo realizado.
2. Déficit de medios ou ferramentas para a consecución dos obxectivos.
3. Erros na comunicación de tarefas e procedementos ou cambios nos mesmos.
4. Ausencia de *feedback* na actividade.

Consecuencias:

1. Exceso de horas extraordinarias remuneradas ou non, que se transforman en estrés laboral e social.
2. Problemas de comunicación entre os equipos ao estar cada un sempre preocupado das súas propias responsabilidades.
3. Redución do traballo en equipo. Cada un cumpre coas súas obrigacións porque non hai tempo para máis.
4. Procura de saídas á situación que poden ser dentro ou fóra do equipo.
5. Falta de especialización no equipo porque o urxente non deixa tempo ao importante.

Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Planificar os tempos de traballo de acordo aos requirimentos das tarefas e axustar os prazos de forma realista.
2. Comunicar os obxectivos aos responsables dos equipos e motivar os membros dos mesmos a conseguilos sabendo cales son.
3. Formar aos traballadores no uso responsable do seu tempo. Ser efectivo nas horas de traballo para poder gozar do tempo libre
4. Crear canles de comunicación efectiva que xere o *feedback* necesario para a avaliación do cumprimento dos obxectivos e a satisfacción dos traballadores.
5. Xerar un ambiente de confianza que permita a todas as persoas expresarse de acordo aos seus sentimentos e ás súas necesidades.